

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE HISTORIA DO 5 DE ABRIL DE 2018

### Lista de asistentes

#### Presidenta

Reboreda Morillo, Susana (*coordinadora de calidade*)

#### Secretaria e representante do PAS

Cadilla Lomba, Josefina T.

#### Coordinadora de Grao

Vaquero Díaz, Beatriz

#### Coordinadores de Mestrado

Pérez Losada Fermín

*Mestrado en Valoración e Xestión do Patrimonio Cultural*

#### PDI

Barriocanal López, Yolanda

Presedo Garazo, Antonio (*colaborador de calidade*)

#### Estudantes

Galiña Lorenzo, Juan Manuel

Souto Castro, Iria (*3º ciclo*)

#### Membros da sociedade

Eguileta Franco, José María

Díaz Naya, Rosa M<sup>a</sup>

#### Desculpan a súa ausencia

#### Coordinadora de Mestrado

Comendador Rey, Beatriz

*Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade*

#### PDI

López Díaz, María

Na sala de profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Comisión de Calidade, o xoves 5 de abril de 2018, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1.-Aprobación, se procede, das actas correspondentes á sesión ordinaria do 22 de febreiro de 2018, e da sesión extraordinaria do 26 de marzo de 2018.

2.- Informe da presidenta.

3.- Validación, se procede, do plan de actuación dos servizos permanentes do centro.

4.-Debate e validación, se procede, do autoinforme de acreditación do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.

5.- Preparación da visita da Comisión encargada do proceso de Acreditación do título de Mestrado Universitario en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.

6.- Validación, se procede, do Plan de Melloras da Facultade de Historia do curso 2016/2017.

7.- Rogos e preguntas.

**1.- Aprobación, se procede, das actas correspondentes á sesión ordinaria do 22 de febreiro de 2018, e da sesión extraordinaria do 26 de marzo de 2018.**

Apróbanse por asentimento.

## **2.- Informe da presidenta.**

- A presidenta comeza explicando que se realizaron dúas xuntanzas cos representantes do alumnado, unha cos da modalidade presencial e outra cos da semipresencial; para valorar como estaba indo o curso, e falar de todos os temas que quedaron pendentes. Celebrada a reunión, o alumnado presencial quedou en elaborar un cuestionario en relación á carta de queixas presentada e que xa foi debatida nesta Comisión, coa finalidade de realizar unha enquisa que se pasará a todos os cursos, para comprobar se as opinións expresadas son asumidas ou non pola globalidade do estudantado do grao. Ademais asumirán a proposta para actividades extraacadémicas do vindeiro curso e entregarán unha foto actualizada dos membros da delegación para subila á web do centro.

En relación ao alumnado semipresencial, indica que, a nivel xeral, se aprecian certas melloras, aínda que outros aspectos son mellorables. Quedaron en elaborar un escrito en relación a estes últimos que será valorado na Comisión de Calidade e na Xunta de Facultade.

Beatriz Vaquero intervén como coordinadora do grao para explicar que lamenta non ter asistido a derradeira reunión na que se tratou o escrito do alumnado de 3º, dado que tiña compromisos adquiridos. En calquera caso falou con eles no seu despacho e insiste na necesidade de analizar as guías docentes antes da súa aprobación. E este aspecto é fundamental tanto para o alumnado presencial como o semipresenciais.

- En relación ao informe anual de Docencia , pasa a presidenta a valorar os resultados. Explica que das dúas opcións, na primeira se avalía necesariamente ao profesorado cada ano, e na segunda, que é voluntaria, se avalian os distintos aspectos da actividade docente de cinco anos. Procede a dar lectura ao informe de resultados por titulación:

Na anual, no Grao en Xeografía e Historia , no plan antigo (O02G250V01) , das vinte e tres persoas poderían ser avaliadas, avaliáronse dezasete, co resultado de cinco moi favorables, seis favorables, un suficiente e cinco desfavorables. Destes últimos catro obedece a que non se realizou nas súas materias a enquisa de avaliación docente. Hai pois unicamente un desfavorable dos avaliados, pero non se especifica quen pode ser. No plan novo (O02G251V01), das vinte e dúas persoas que poderían ser tido avaliadas,

avaliáronse dezaseis , co resultado de catro moi favorables, sete favorables, cero suficientes e cinco desfavorables, neste caso coincidindo co número de docentes a quen non se lles realizou a enquisa. No Mestrado Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas (O02M066V01), imparten docencia deste centro o profesor Julio Prada e a profesora Elena de Uña, pero o informe é do título en global, polo que se descoñece a quen afecta. Hai oito moi favorables, nove favorables, cero suficiente e tres desfavorables. Descoñécese a valoración do profesorado do centro porque o informe non detalla o nome das persoas.

No Mestrado Universitario en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural (O02M143V01), das trinta e sete persoas que poderían ter sido avaliadas foron avaliadas dezaseis. Os resultados foron: catro moi favorables, nove favorables, cero suficientes e tres desfavorables. Explica que este mestrado non dispón de enquisas de avaliación docente por ser semipresencial. Unha das cousas que se propoñen como melloras é que se poidan realizar as citadas enquisas de forma online.

A profesora Beatriz Vaquero comenta que a principio de curso o alumnado solicitoulle algún cambio nos horarios o que provocou que non se puideran realizar no momento acordado a través da plataforma.

No Mestrado Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüedade, das catro persoas, todas foron avaliadas, co resultado de dous moi favorables, cero favorables, cero suficiente e dous desfavorables.

Tanto o Mestrado Universitario en Valoración Xestión e Protección do Patrimonio Cultural e o Mestrado Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüedade non dispoñen de enquisas de avaliación docente.

A presidenta considera que en xeral a valoración é positiva.

- En relación aos Erasmus, a facultade non ten evidencia documental dos criterios de selección, que dende sempre realízase en función do expediente. Recemente cando se envía a lista de seleccionados solicitan que se indiquen os criterios de selección. Traendo esta cuestión como informe á Comisión de Calidade, institucionalizamos o procedemento da selección en función do expediente académico.

A profesora Yolanda Barriocanal propón que se lles poña o requisito de coñecemento do idioma para o estudiantado alleo.

A presidenta Susana Reboreda, explica que se pode determinar que se esixa un nivel de idioma, o problema é que a facultade ten pouca demanda, e suposto de que se poña ese requisito podería baixar o número de persoas que recibimos. O profesor Fermín Pérez coincide co parecer da presidenta, aínda que considera que se pode marcar o requisito de inglés por ser un idioma universal. Susana Reboreda comenta que, se se marca o inglés pódese confundir con que a facultade oferta docencia en inglés e non é o caso. Fermín Pérez aclara que efectivamente é bo que veñan estudantes de fóra.

Intervén tamén Antonio Presedo, indicando que fai uns anos reuniuse cunhas alumnas turcas e que sabían moi pouco inglés, co que aclara que non é un idioma tan universal como se pode considerar.

Susana Reboreda finaliza dicindo que se pode valorar fixar outras normas en relación aos estudantes Erasmus, pero habería que incluílo previamente como un punto da orde do día, queda pois para outra convocatoria da comisión esta temática relativa aos estudantes Erasmus.

- En relación á convocatoria das I Olimpíadas de Historia, informa que hai oito preinscripcións, e anima aos presentes a que se teñen algún contacto en algún centro que difundan a actividade. A facultade dispón aínda carteis e as bases están colgadas na web.

### **3.- Validación, se procede, do plan de actuación dos servizos permanentes do centro.**

Apróbase por asentimento.

### **4.- Debate e validación, se procede, do autoinforme de acreditación do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.**

Neste informe explica a presidenta que se tratan todos os aspectos do título cunha perspectiva de tres cursos consecutivos. Desexa facer un agradecemento polo traballo e o esforzo realizado tanto a Antonio Presedo como a Josefina Cadilla.

Señala que un dos problemas na súa elaboración foi o continuo “baile de cifras”. Antonio Presedo insiste na de que as cantidades non se movan, que sexan fixas, en caso contrario se duplica o traballo, xa que hai que voltar a realizar as análises e as conclusións. Desde o seu punto de vista, foi caótico, e espera que non se repita.

Susana Reboreda advirte que as cifras teñen variado en ocasións anteriores, pero nunca tanto. Coa nova RPT asignaron persoal novo para a Unidade de Análise e Programas e quizais iso complicou o proceso. Propón que desde a Comisión se realice un escrito para denunciar esta situación descrita. A nivel formal a presidenta chamou Área de Calidade para manifestar o seu malestar. Considera que se pode escribir a unidade para que saquen unhas cifras e solicitar que despois non se movan. A presidenta comenta que hai aínda tres días, con todos os informes pechados chegaron novos datos da mobilidade, con datos que cambiaran en relación aos que figuraban nos informes xa pechados.

O profesor e colaborador de calidade Antonio Presedo propón que xa que todos os centros pasaran por unha situación semellante debería facerse algo en común, opina que tería maior recoñecemento dado que sería máis representativo.

Non se toma ningún acordo respecto a esta proposta.

Susana Reboreda pasa a comentar que o Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural conta cunhas características especiais dado que acaba de validarse unha nova memoria que se implantará para o curso 2018/ 2019, derivada da circunstancia do fin da colaboración da Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia; ademais se produciron cambios na coordinación e na Comisión Académica.

No informe analízanse a posta en práctica dos contidos da memoria e propónse un plan de melloras cando se detectan puntos febles, entre eles os escasos TFM aos que se da lectura o que produce que non se remate en tempo e forma o título.

A profesora Beatriz Vaquero aclara que é un mestrado non presencial con alumnado que traballa e que é frecuente que non lles de tempo. O primeiro cuatrimestre lévano bastante ben pero o segundo vai xa peor.

Fermín Pérez asinte, efectivamente hai moita xente que se matricula pero que non le o TFM ese mesmo curso porque o deixa para o curso seguinte. A tendencia é que se iguale o número de TFM aos que se de lectura co número de alumnado matriculado nese curso académico.

En relación ao recoñecemento das prácticas, a profesora Beatriz Vaquero indica que o número de recoñecemento é moi alto porque hai moitas persoas que están matriculadas e que traballan ao mesmo tempo. O problema fundamental é que hai unha porcentaxe alta de alumnado que traballa, ten

familia estuda e non pode facer o mestrado nun único curso. Susana Reboreda aclara que a taxa de abandono é baixa, o que quere dicir que a xente continúa matriculándose.

A profesora Beatriz Vaquero tamén explica que en todas as materias se intenta que si é posible o alumnado escolla como traballo parcial un ben patrimonial que conecte coa temática do TFM, de forma que se vaia avanzando na súa elaboración.

Susana Reboreda, resume a problemática indicando que se trata fundamentalmente dun problema persoal e laboral.

Femín Pérez expón que hai moito alumnado que aproba as materias no curso e deixa o TFM para o seguinte, propón que se fomenta a matrícula a tempo parcial. A xente que non o le no seu curso ten que volver pagar as taxas, polo que economicamente non é moi rentable. Susana Reboreda considera que se pode informar desa posibilidade na páxina web e indica que hai que introducir no informe as medidas que se van tomar en relación aos puntos débiles.

En relación ás enquisas de satisfacción manifesta que a participación do alumnado é mais escasa que no curso precedente, quizais motivado polo cambio na coordinación, así como que ten baixado a satisfacción coa orientación. Considera que hai que traballar ambos aspectos para implantar as melloras.

## **5.- Preparación da visita da Comisión encargada do proceso de Acreditación do título de Mestrado Universitario en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.**

A presidenta mostra o calendario que solicitou á Área de Calidade dunha visita que se fixo o curso pasado, xa que o propio do mestrado aínda non o temos, pero todos seguen unha pauta similar, polo que pode ser ilustrativo.

Da lectura ao documento e comenta as necesidades: unha sala para as reunións, participación do profesorado, do alumnado, do PAS, dos/as egresados/as, dos sector dos empregadores, dos representantes das institucións onde se realicen as prácticas, aclara que os grupos non poden ser superiores a dez ou doce persoas. Hai que ir pensando que persoas que poderían participar. Tamén estamos agardando que nos indiquen a selección de dous traballos de fin de mestrado e tres materias.

Fermín Pérez, considera que sería importante que a dinámica das reunións sexa como a do propio mestrado, e que determinadas xuntanzas sexan on-line.

Respecto ao horario de actividades, a dinámica comeza as 09.00 e remata as 22.00. No momento da reunión coa coordinación deberán estar a nova e a antiga coordinación. Sigue lendo a planificación proporcionada pola Área de Calidade e comenta que hai que preparar un PowerPoint, de presentación do centro e do título. Cando se teña a data hai que avisar á Vicerreitoría para que asista alguén representando ao equipo de goberno da universidade. Considera que a visita examinará a problemática coa Escola de Restauración e cal é diferenza entre online e semipresencial. Parécelle moi interesante explicar que o alumnado pode empregar as instalacións da facultade.

Susana Reboreda solicita que todos nos poñamos xa a pensar en modo “acreditación”, porque en breve se recibirá o nome dos membros da comisión e o día en que se realizará a visita e o calendario da mesma. Unicamente falta que Josefina Cadilla introduza na plataforma de Avalía algunha evidencia, polo demais está practicamente todo subido. A partir do día nove estará todo pechado. Estase revisando a web, depurando pequenas cousas, hai que preparar a sala de videoconferencia e desde alí facer ensaios con Emeeting.

## **6.- Validación, se procede, do Plan de Melloras da Facultade de Historia do curso 2016/2017.**

Aprobase por asentimento.

## **7.- Rogos e preguntas.**

Non se presentan.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14.00 h do día 5 de abril de 2018, da que eu como secretaria dou fe, co visto e prace da decana.

A decana

A secretaria

Susana Reboreda Morillo

Josefina T. Cadilla Lomba